
RETRATO DA NATUREZA

XOVES 19 MARZO 2026

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNÍA DE GALICIA

Amandine Beyer, directora

HISTORIAS

REAL
FILHARMÓNÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



Sala Mozart, 19:30h

Preconcerto estudantado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral

Carmen Bajo, frauta; Ana Lucía Pérez, óboe; Antonio Martín, clarinete; Esteban García, fagot; Alberto López, trompa; André Filipe Coutinho, trompeta; Lola Olmo, percusión; Catarina Barbosa, Marie Esther Cooper, Elena Rodríguez e Lia Theotonio, violíns; Inmaculada Muedra, viola; J. Nicolás Casamayor e Nicolás Concheiro, violoncellos; Nicolás García, contrabaixo.

Amandine Beyer, directora

Oliver Foures, bailarín e coreógrafo

J. P. RAMEAU:

Les Fêtes de Polymnie, Prologue, Re maior

A. VIVALDI:

Concerto RV 781 / Concerto RV 103

J. D. HEINICHEN:

Concerto S.234

J. G. PISENDEL:

Sonata a 4 en do menor

BAILES VENECIANOS:

Minuetto alla Scoscese, Furgoneta, Sermante, Guerra d'amore, La Bertagna

T. ALBINONI:

Concerto op. 9 núm. 2. Adagio, re menor

A. VIVALDI:

Concerto RV 564a, Re maior

PROGRAMA

I.

JEAN-PHILIPPE RAMEAU (1683-1764)

Suite da ópera Naïs

Ouverture del Prologue

Musette del Acte 2

Premier air et deuxième air pour une jeune bergère

Entrée des lutteurs et Chaconne

Tambourins 1 y 2

Musette pour les bergers et bergères

JEAN-MARIE LECLAIR (1697-1764)

Concerto para violín en La menor núm. 5, Op. 7

Vivace

Largo

Allegro assai

GEORG MUFFAT (1653-1704)

Concerto grosso núm. 12 en Sol maior, "Propitia Sydera"

Sonata: Grave—Allegro

Aria: Largo

Gavotta

Grave—Ciaconna

Borea: Allegro

II.

JUSTIN HEINRICH KNECHT (1752-1817)

Sinfonía Pastoral en Sol maior, "O retrato musical da natureza"

Allegretto / Andante pastorale / Allegretto / Villanella grazioso,

un poco adagio / Allegretto

Tempo medemo. Allegretto

Allegro molto

Tempo medemo. Allegro molto

L'inno con variazioni / Andantino / Coro. Allegro con brio

/ Andantino

Duración aproximada do concerto: 95 minutos (con pausa). Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I

James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Ilya Fisher
Michal Ryczel
Ildiko Oltai
Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Samira Ajkic
Irina Gruia
Enrique Roca
Elina Viksne

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Anne Schlossmacher
Timur Sadykov

VIOLONCELLOS

Millán Abeledo *
Thomas Piel **
Manuel Lorenzo
Carlos García

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carlos Cascales (R)

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser *

TIMBAL

José Vicente Faus *

CLAVE

Ramón Pérez-Sindín (R)

AMANDINE BEYER

DIRECTORA E VIOLÍN

Desde o inicio da súa carreira hai máis de vinte e cinco anos, Amandine Beyer ofrece concertos por todo o mundo. Foi convidada regularmente como solista e directora por conxuntos como Freiburger Barock Orchester, Akademie für Alte Musik, European Union Baroque Orchestra, Tafelmusik Baroque Orchestra de Toronto...

En 2006, Amandine Beyer funda o seu propio grupo, Gli Incogniti, co que aborda a música de Bach, Vivaldi, Corelli, Pachelbel, Matteis, Couperin, C.P.E. Bach, Haydn ou Mozart. Gli Incogniti actuou nos máis prestixiosos festivais e salas de concerto tanto en Francia (Philharmonie de Paris, Théâtre des Champs-Élysées, Arsenal de Metz, Opéra de Bordeaux, Festival Radio France Montpellier Occitanie, Festival de Saintes, Auditorium de Radio-France...) como no ámbito internacional (Boston Festival, Wigmore Hall,

Concertgebouw de Bruges, Flagey e Bozar en Bruxelas, Philharmonie de Liexa, Philharmonie de Luxemburgo, Carnegie Hall de Nova York, Philharmonie de Berlín, Tonhalle de Zúric...).

En 2011 Amandine Beyer grava as Sonates & Partitas de J. S. Bach (Zig-Zag Territoires/Outhere Music), que obteñen un enorme éxito de crítica e público. Pouco despois é chamada pola coreógrafa Anne-Teresa de Keersmaecker (directora da compañía de danza Rosas) para crear o espectáculo Partita 2. Tras cinco representacións na Cour d'Honneur do Palacio dos Papas de Aviñón, que clausuraron o Festival IN, iniciando unha xira internacional con máis de 80 funcións por todo o mundo.

Esta colaboración continúa en 2018 coa participación do seu grupo Gli Incogniti no proxecto The Six Brandenburg Concertos, que se representará na Ópera de

París, na Monnaie de Bruxelas, en Berlín, Nova York, Liexa, Lille ou Luxemburgo. En 2022 colaborarán unha vez máis con Mystery Sonatas / for Rosas, que leva á escena a integral das *Sonatas do Rosario* do compositor austríaco Heinrich Ignaz Franz Biber, e desde 2024 con *As catro estacións* de Vivaldi.

Paralelamente, Amandine Beyer desenvolve unha importante actividade camerística con músicos como Pierre Hantaï, Kristian Bezuidenhout ou Andreas Staier, que abrangue desde o repertorio barroco ata o romántico, con compositores como Schubert ou Beethoven. En 2015 crea o Kitgut Quartet, cuarteto de cordas con instrumentos históricos. O seu primeiro disco, *'Tis too late to be wise*, dedicado a Haydn e á música inglesa (Purcell, Locke), publícase en 2019 por Harmonia Mundi e foi recibido eloxiosamente pola crítica.

Desde a gravación en 2008 de *As catro estacións* de Vivaldi, que dá a coñecer Gli Incogniti ao gran público, a discografía de Amandine Beyer e do seu grupo é acollida calorosamente pola crítica e recompensada con numerosas distincións (Diapason d'Or, Choc de l'année, Gramophone Editor's Choice, 4F de Télérama).

Tras os seus estudos na clase de Chiara Banchini na Schola Cantorum Basiliensis, Amandine Beyer sucédea como profesora de violín barroco en 2010. Apaixoadada da ensinanza e da transmisión, crea en 2017 unha Academia de música de cámara e traballo corporal con Gli Incogniti. Foi convidada para impartir clases maxistras por todo o mundo (Italia, Alemaña, Taiwán, Estados Unidos, Canadá...) e dirixe regularmente o Jeune Orchestre de l'Abbaye, o EUBO, a Academia de Ambronay ou a Orchestre Français des Jeunes "classique".

NOTAS AO PROGRAMA

RETRATO DA NATUREZA

Esta noite a Real Filharmonía de Galicia da man da violinista e directora Amandine Beyer (artista en residencia da orquestra) presenta un concerto que leva por título Retratos da natureza no que teremos ocasión de escoitar obras dos séculos XVII e XVIII de Jean-Philippe Rameau, Jean-Marie Leclair, Georg Muffat e Justin Heinrich Knecht.

Abre o programa un dos autores máis importantes da música barroca francesa, Jean Philippe Rameau (1683-1764), quen curiosamente era practicamente descoñecido ata os 40 anos. Foi entón cando as súas teorías recibiron recoñecemento —como o seu famoso *Traité de l'harmonie*, considerado o escrito fundacional da teoría da música tonal— e as súas óperas convertérono no máis importante sucesor de Lully. Naceu nunha familia de músicos en Borgoña e o seu pai ensinoulle música. Despois de traballar como

organista en diversos lugares, en 1722 estableceuse en París para buscar máis oportunidades e alí conseguiu o apoio de distintos mecenas, entre eles o rei Luís XV, quen en 1745 lle outorga unha pensión anual, comezando así a súa época compositiva máis fecunda.

A ópera *Naís* foi composta por Rameau en 1749 e estreada o 22 de abril dese mesmo ano na Académie Royale de Musique de París, despois de que o director desta institución, Joseph Guénot de Tréfontaine encargara a obra ao compositor para ganar o favor do monarca Luís XV. A ópera creouse para as celebracións despois da Paz de Aquisgrán que puxo fin á Guerra de Sucesión Austríaca en 1748 (a *Suite dos Reais fogos de Artificio* de Händel tamén naceu con este mesmo fin). Dentro dos xéneros que existían no teatro musical francés do s. XVIII, esta ópera enmárcase no que

se denominou pastoral heroica que se caracterizaba por estar estruturada en 3 actos, e pola presenza de elementos tráxicos e heroicos mesturados cunha ambientación pastoral. Trátase en liñas xerais dun tipo de espectáculo máis lixeiro que a traxedia lírica ou a ópera-ballet. O libretista de *Nais* foi Louis de Cahusac, quen empregou o prólogo para homenaxear ao monarca, que aparece representado como o deus Xúpiter. Nos tres actos seguintes nárresenos a historia de Neptuno namorado da ninfa Nais. A maquinaria escénica empregada foi moi sofisticada. Hoxe escoitaremos unha suite conformada por unha selección de números da ópera, práctica moi habitual durante o período Barroco.

Contemporáneo de Rameau, Jean-Marie Leclair naceu en Lyon o 10 de maio de 1697 e morreu en París o 22 de outubro de 1764 de maneira violenta en circunstancias descoñecidas aínda a día de hoxe (crese que foi asasinado polo seu sobriño,

tamén violinista). Normalmente refírense a el como “Leclair o vello” para diferenciarse do seu irmán que se chamaba igual. Pertenceu a unha familia musical —o seu pai era violonchelista e seis dos oito irmáns tocaban o violín— e considérase o fundador da escola de violín francesa, instrumento do que foi un virtuoso e para o que escribiu numerosas obras. Formouse como bailarín e violinista e viviu en distintas cidades europeas. En 1723 chegou a París onde se deu a coñecer nos *Concert Spirituel*, unha das primeiras iniciativas de concerto público da historia. Ese mesmo ano publica a súa primeira colección de sonatas para violín e continuo, campo no que destacou especialmente e no que combinou elementos italianos —como a pureza de Corelli— coa elegancia e dozura da melodía, a perfecta claridade da textura e da forma, e a ornamentación refinada da música francesa. Uns anos despois, entre 1733 e 1737, traballou para Luís XV gracias ao éxito das súas publicacións.

O *Concerto para violín en la m* núm. 5, op.7 foi publicado por primeira vez en 1737. Trátase dun concerto solista para violín e cordas, é dicir unha obra na que escoitaremos o diálogo entre un violín e o *tutti* orquestral. En canto á estrutura, segue o esquema en tres movementos —Rápido-Lento-Rápido (*Vivace/Largo-Adagio/Allegro assai*)— establecido por Vivaldi e que quedará como modelo para os concertos nas etapa vindeiras.

A continuación, o *Concerto grosso* núm. 12 en Sol M "*Propitia Sydera*" de Georg Muffat (1653-1704). A música deste compositor e organista supón un compendio do estilo francés, italiano e alemán da época. Trátase dun autor bastante descoñecido debido a que foi ensombrecido por grandes nomes coetáneos como Corelli ou Lully dos que recibiría importantes influencias. Muffat naceu nun ducado independente entre territorio francés e italiano, o que fixo que o seu estilo fora froito da mestizaxe de distintas culturas. Viviu en cidades europeas como

Eisenach, Roma (onde estudia con Corelli e Pasquini) ou Praga e tivo contacto con personalidades de gran influencia como Leopoldo I, ou o arcebispo de Salzburgo, para quen traballou como organista. Os últimos catorce anos da súa vida residiu en Passau (Alemaña). No seu catálogo destacan coleccións para órgano e para clave, varias óperas, unha misa, unha colección de concertos *grossi* e unha sonata para violín e baixo continuo dunha gran importancia dentro do repertorio do violín barroco. Ademais, foi un importante precursor da música orquestral en Alemaña antes de Bach e Händel.

"*Propitia Sydera*" (Astros ou estrelas favorables) é un dos *concerti grossi* máis famosos do autor (aínda que no momento en que os compuxo non existía o termo como tal) e foi publicado en 1701 como parte da colección *Exquistoris harmoniae instrumentalis gravijucundae* (Selección de harmonía instrumental, exquisita, seria e pracenteira). O concerto *grosso* foi un dos xéneros máis importantes

da música instrumental do Barroco. Neste tipo de obras, un grupo de solistas chamado concertino e formado neste caso por dous violíns, un violonchelo e baixo continuo enfróntanse ao *tutti* orquestral que podía variar moito en número na época. A obra divídese en seis movementos que teñen á súa vez distintas seccións contrastantes: Sonata (Grave, Allegro); Aria-Largo; Gavotta: Alla breve a presto; Grave; Ciacona: Un poco grave e Borea: Allegro.

A derradeira peza do programa de hoxe é a *Sinfonía Pastoral en Sol M "O retrato da natureza"* de Justin Heinrich Knecht (1752-1817). Nado en 1752 en Biberach, cidade situada ao sur de Alemaña, iniciouse na música co seu pai que era *kantor* na igrexa da cidade. Posteriormente, proseguiu a súa formación con clases de órgano, violín e canto na escola da súa cidade e na corte do Graf Stadion zu Warthausen-Biberach empapouse da obra de compositores contemporáneos. Anos despois, continuou os seus estudos en Esslingen, regresando

á súa cidade natal para exercer como profesor da Escola Luterana e na igrexa. Nesta etapa organizou concertos, compuxo para o teatro e escribiu literatura educativa con libros sobre teoría musical. En 1792 consegue o posto de organista e director de música na igrexa de San Martín, traballo que abandonou temporalmente para probar sorte en Stuttgart, aínda que decide volver á súa cidade de nacemento onde permanecerá activo ata a súa morte en 1817.

Dentro do seu catálogo é posible rastrear as súa diferentes facetas como profesor, músico eclesiástico e home de teatro. Así escribiu óperas, *Singspiel*, música incidental, versións de salmos e cánticos, música e obras pedagóxicas para órgano, música de cámara e composicións orquestrais entre as que destaca especialmente a obra que hoxe nos ocupa *Le Portrait musical de la Nature*.

Knecht compuxo a súa *Sinfonía Pastoral* en 1785. Algúns estudosos como Xoán Carreira apuntan a que

Beethoven coñecería esta música dende a súa adolescencia e que foi o modelo para a *Sinfonía núm. 6 en Fa M, op. 68* composta en 1808 e tamén acuñada "Pastoral". Fora ou non o caso, é evidente que as dúas obras comparten trazos comúns: están divididas en 5 movementos, teñen aires pastorais, retratan unha tempestade nun dos movementos e finalmente culminan nunha especie de himno de agradecemento. Knecht incluíu na partitura comentarios programáticos en distintos fragmentos musicais quen intentan describir o que nos quería transmitir. Así no primeiro, titulado "Un fermoso lugar no que loce o sol" incorpora comentarios como «os reiseñores atravesan os vales», «os paxaros pían», «un regato cae murmurando dende o alto», «o pastor asubía» e «os cordeiros saltan»; no segundo, "O ceo comeza a escurecerse repentinamente", indica «aumentan as nubes negras», «comeza a retumbar o vento, a tempestade achégase progresivamente»; no terceiro

de ventos", desátase por fin a tormenta e engade «ventos que se queixan», «choiva golpeado e retumbando con gran forza», «as copas das árbores asubían, as augas do regato corren con espantoso ruído»; no cuarto, titulado "A tempestade cálmase pouco a pouco" descríbese a volta á tranquilidade; e o último "a natureza transportada da ledicia" quere ser unha especie de himno de gratitude ao creador con comentarios como «a natureza gozosa leva o seu xúbilo ao ceo», «dá ao creador a máis viva gratitude» ou «gratos e doces cantos».

Sen dúbida unha proposta diferente e nada convencional a que nos trae Amandine Beyer, que nos achegará a obras vinculadas dunha ou doutra forma á natureza e que nos permitirá escoitar obras pouco frecuentes na sala de concerto.

Carne Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO ESPELLOS SONOROS

XOVES 26 MARZO (18€)
Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director
Juan Pérez Floristán, piano

- José María Sanchez Verdú: Cárcel de amor.
Proxecto Cometas. Estrea absoluta
- Béla Bartók: Concerto para piano núm. 2, BB 101
- César Franck: Sinfonía en re menor

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

**FILHARMONÍA
DE GALICIA**

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

